

Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua? Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través do Servizo de Normalización Lingüística, queremos que formedes parte do programa Apego, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins do proxecto, para axudarvos á socialización en galego.

Podedes contactar con nós para inscribivos no proxecto Apego e así recibirdes información sobre o programa... e un agasallo de benvida!

Máis información en:
www.coruna.gal/lingua
e www.apego.gal

Contactade connosco para vérmonos:
Servizo de Normalización Lingüística
Centro Ágora, lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña

☎ 981 189 888, exts. 34310 / 34311 / 34333
✉ lingua@coruna.gal
e inscricionslingua@coruna.gal
f facebook.com/normalizacioncoruna
i [lingua_corunha](https://www.instagram.com/lingua_corunha)



Marzo

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Abril

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Maior

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



Na Coruña
témolle Apego
á lingua!



Programación de
marzo a maio de 2025



Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

"A librería máxica" de Inventi Teatro



+3
anos

Auditorio

Martes 11 de marzo

dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Unha homenaxe ao pequeno comercio e ás tendas de barrio que lles achega ás crianzas o amor pola literatura e a lingua galega. Dous simpáticos libeiros, Bea Campos e Marcos Alonso atopan os contos necesarios para cada persoa e ocasión.

*Inscripción a partir do
venres 7 de marzo, ás 10.00 h*

"Fios do querer" de Cé Orquestra Pantasma



0-3
anos

Aula 8

Martes 18 de marzo

dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Tecendo coas agullas máxicas dos aloumiños e primeiras experiencias compartidas, medrou Fios do querer, envoltorio agarimoso para xogar e cantar coas crianzas de colo coa axuda de instrumentos.

*Inscripción a partir do
venres 14 de marzo, ás 10.00 h*

"Chimpos de ra" de Raquel Queizás



1-3
anos

Aula 8

Martes 8 de abril

dous pases: 17.00 e 18.30 h (35 min)

Nano é o maior e dá grandes chimpos de ra. Nona, a súa irmá pequena, cae, non sabe saltar e Nano rise dela, pero ten celos porque agora xa non todos os agarimos son para el e quere ser pequeno outra vez. Contos con monicreques.

*Inscripción a partir do
venres 4 de abril, ás 10.00 h*

"O gaiteiro verde" da Fundación Legar



+5
anos

Aula 8

Martes 22 de abril

dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Descubriremos a relación da música e a natureza a través dos instrumentos tradicionais e artesanís que crearemos coa materia prima máis elemental: pallas, follas, cabazas, plumas... para exercitar a coordinación e valorar a nosa contorna.

*Inscripción a partir do
venres 18 de abril, ás 10.00 h*

"Leo e a música" de Trémola Teatro



6 meses
- 3 anos

Aula 8

Martes 13 de maio

dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Leo, o león máis curioso da selva, un día decidiu ir dar un paseo polo bosque. Camiñando, atopou unha bolboreta, un paxaro carpinteiro e ras! Será capaz Leo, coa axuda das nenas e dos nenos, de descubrir toda a música que hai ao noso redor?

*Inscripción a partir do
venres 9 de maio, ás 10.00 h*

"Xela, a superhersóina de aldea" de Inma Soto



+3
anos

Aula 8

Martes 20 de maio

dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Conto teatralizado no que coñeceremos as aventuras dunha nena valente e atrevida que vive no rural e está moi orgullosa do que descobre na natureza, das hortas e das fragas cheas de animais que ve ao seu arredor.

*Inscripción a partir do
venres 16 de maio, ás 10.00 h*

"Contos de igualdade (para non perder)" de Ángeles Goás



+4
anos

Aula 8

Martes 25 de marzo

dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Narración oral para a primeira infancia con mulleres protagonistas activas, fortes e intelixentes que non quedan paradas agardando que alguén as salve. Lembramos o conseguido e o que aínda queda por facer para termos un mundo máis xusto.

*Inscripción a partir do
venres 21 de marzo, ás 10.00 h*

"Arrolar" da Fundación Legar



0-1
anos

Aula 8

Martes 1 de abril

dous pases cada día: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Os arrollos, nanas ou cantigas de berce son cantares infantís de cariz popular, de suave rítmica e melodía que acotío se acompañan de movemento ou un axóuxere. Obradoiro no que se reforza o vínculo afectivo entre as crianzas e as persoas adultas.

*Inscripción a partir do
venres 28 de marzo, ás 10.00 h*

"As máis molonas" de Pakolas



+3
anos

Aula 8

Martes 29 de abril

dous pases: 17.00 e 18.30 h (55 min)

Nova montaxe de espectáculo musical onde o autor, a través da voz e da guitarra e con humor, nos leva polas súas cancións máis aclamadas polo público infantil rockeiro galego, cantadas e contadas.

*Inscripción a partir do
venres 25 de abril, ás 10.00 h*

"Lúa triangular, nada é imposible" de Gara Ortiz



+3
anos

Aula 8

Martes 6 de maio

dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

A través da música e do humor, as personaxes de Marta e a pintega Oli viaxarán ao Mundo dos Contos e transformarán a nosa realidade nun lugar mellor onde confiaremos máis nas nosas propias capacidades.

*Inscripción a partir do
venres 2 de maio, ás 10.00 h*

"Dende Rosalía ata as cantareiras" da Xanela do Maxín



+3
anos

Aula 8

Martes 27 de maio

dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Música, teatro, monicreques e narración para celebrar o Día das Letras exaltando a herdanza das mulleres homenaxeadas e, sobre todo, as deste ano, as cantareiras e a poesía popular oral.

*Inscripción a partir do
venres 23 de maio, ás 10.00 h*

As actividades desenvolveranse na aula 8 ou no auditorio do Centro Ágora. Cada neno/a terá que vir acompañado/a por unha persoa adulta.

Máis info e inscricións (só para a crianza) de balde en: coruna.gal/lingua